

| Categorías e grupos profes. taller | Salario base | Antigüidade | Retribuc. voluntar. día traballado | Transporte por día traballado | Horas extras |                     |                     |
|------------------------------------|--------------|-------------|------------------------------------|-------------------------------|--------------|---------------------|---------------------|
|                                    |              |             |                                    |                               | Normais      | Sábados e nocturnas | Domingos e festivos |
| Oficial 1ª                         | 946,52       | 26,25       | 8,39                               | 2,40                          | 8,83         | 10,11               | 12,55               |
| Oficial 2ª                         | 913,97       | 24,63       | 7,56                               | 2,40                          | 8,48         | 9,72                | 12,09               |
| Oficial 3ª                         | 869,08       | —           | 6,50                               | 2,40                          | 8,16         | 9,34                | 11,63               |
| Profesional A                      | 870,50       | —           | 3,11                               | 2,40                          | 8,00         | 9,16                | 11,36               |
| Profesional B                      | 824,31       | —           | 1,56                               | 2,40                          | 8,00         | 9,16                | 11,36               |
| Axudante produción                 | 612,16       | —           | 1,00                               | 2,40                          | 5,50         | 6,30                | 7,81                |
| Axudante en prácticas              | 530,03       | —           | 0,37                               | 2,40                          | 4,63         | 5,31                | 6,58                |

**-Retribución voluntaria:**

O dereito a percibir a retribución voluntaria perderase nos seguintes casos:

a) Pola falta de puntualidade en máis de 3 veces ao mes.

b) Pola falta de disciplina no traballo.

**-Prima de produción:**

A: 0,958

B: 0,802

Profes. A: 0,622

Profes. B: 0,392

Axud. prod.: 0,342

Axud. práct.: 0,305

**-Horas extras:** no prezo das horas extras están incluídos todos os conceptos.

**Táboa salarial ano 2005**

| Categorías e grupos profes. taller | Salario base | Antigüidade | Retribuc. voluntar. día traballado | Transporte por día traballado | Horas extras |                     |                     |
|------------------------------------|--------------|-------------|------------------------------------|-------------------------------|--------------|---------------------|---------------------|
|                                    |              |             |                                    |                               | Normais      | Sábados e nocturnas | Domingos e festivos |
| Oficial 1ª                         | 1.005,89     | 26,25       | 7,52                               | 1,80                          | 8,83         | 10,11               | 12,55               |
| Oficial 2ª                         | 965,36       | 24,63       | 6,59                               | 1,80                          | 8,48         | 9,72                | 12,09               |
| Oficial 3ª                         | 924,82       | —           | 3,58                               | 1,80                          | 8,16         | 9,34                | 11,63               |
| Profesional A                      | 925,10       | —           | 3,11                               | 1,80                          | 8,00         | 9,16                | 11,36               |
| Profesional B                      | 877,05       | —           | 1,56                               | 1,80                          | 8,00         | 9,16                | 11,36               |
| Axudante produción                 | 612,16       | —           | 1,00                               | 1,80                          | 5,50         | 6,30                | 7,81                |
| Axudante en prácticas              | 530,03       | —           | 0,37                               | 1,80                          | 4,63         | 5,31                | 6,58                |

**-Retribución voluntaria:**

O dereito a percibir a retribución voluntaria perderase nos seguintes casos:

a) Pola falta de puntualidade en máis de 3 veces ao mes.

b) Pola falta de disciplina no traballo.

**-Prima de produción:**

A: 0,958

B: 0,802

Profes. A: 0,622

Profes. B: 0,392

Axud. prod.: 0,342

Axud. práct.: 0,305

**-Horas extras:** no prezo das horas extras están incluídos todos os conceptos.

**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

*Resolución do 5 de xullo de 2005 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria pública de dezasete bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Consello da Cultura Galega e se anuncia a súa convocatoria.*

O artigo 6 da Lei 8/1983, do 8 de xullo, na súa alínea b), establece que compete ao Consello da Cultura Galega investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego.

Dentro do plan de actividades do Consello da Cultura Galega para o ano 2005 figura a convocatoria pública de bolsas de investigación para realizar proxectos sobre diversos aspectos da cultura galega.

O seu outorgamento enmárcase dentro das funcións atribuídas ao Consello da Cultura Galega na Lei 8/1983,

do 8 de xullo, que desenvolve o artigo 32 do Estatuto de autonomía.

Na súa virtude, apróbanse as seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

Convócanse dezasete bolsas de colaboración en proxectos de investigación concretos que se están a desenvolver no Consello da Cultura Galega e que se inclúen como anexos á presente resolución, na que se detallan os requisitos específicos que deben reunir os solicitantes.

Segunda.-Contía das bolsas e dotación orzamentaria.

O importe das bolsas incluirá:

-Unha asignación mensual de 750 euros, coa retención fiscal que corresponda, que será incompatible con calquera outra axuda ou actividade remunerada.

-Seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes.

Para o gasto que se proxecta existe crédito suficiente na partida orzamentaria 03.01.111D.480.0, por unha contía máxima total de 54.000 euros (51.000 euros, correspondentes ao pagamento das mensualidades, e de 3.000 euros para o pagamento da asistencia sanitaria), correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

O pagamento da bolsa realizarase mensualmente na conta bancaria indicada polo interesado, logo do informe do director da investigación, sempre que os traballos se desenvolvan con normalidade e de acordo coas bases establecidas.

Terceira.-Duración.

A data de incorporación ao Consello da Cultura Galega será dentro dos cinco días seguintes ao da notificación da adxudicación. Os bolseiros que non se incorporen no prazo establecido perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, agás causa xustificada de atraso apreciada polo presidente do Consello da Cultura Galega.

A concesión da bolsa será ata o día 31 de decembro de 2005.

Estas bolsas poderán prorrogarse ata un máximo de tres anos, incluído o período inicial, á vista do traballo realizado polo bolseiro, sempre que o proxecto ao que está vinculado requira do seu labor e así o permitan as disponibilidades orzamentarias. No suposto de prórroga a dotación económica poderá incrementarse de acordo co índice de prezos de consumo que se estableza para cada ano.

Cuarta.-Requisitos xerais.

a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea.

b) Acreditar coñecemento de lingua galega no nivel de perfeccionamento.

c) Estar en posesión do título de licenciado ou, se é o caso, diplomado universitario.

d) Non levar máis de catro anos licenciado ou, se é o caso, diplomado. Non obstante, poderán optar ás bolsas as persoas que se atopen nesta circunstancia

cando estean cursando estudos de terceiro ciclo ou xa os teñan realizado no momento de presentarse á convocatoria.

e) Non ter gozado con anterioridade dunha bolsa do Consello da Cultura Galega durante un prazo de 3 anos.

f) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración ou institución como consecuencia de expediente disciplinario.

g) Non desempeñar actividade profesional remunerada por conta propia ou allea, nin beneficiarse de bolsas ou axudas equiparables ás convocadas.

Quinta.-Solicitudes.

As solicitudes, no modelo que se xunta como anexo, irán dirixidas ao presidente do Consello da Cultura Galega e entregaranse na sede do Consello da Cultura Galega (Pazo de Raxoi, 2º andar, Praza do Obradoiro, 15705 Santiago de Compostela) ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Entregarase unha solicitude por cada proxecto ao que a persoa queira presentarse. Só será necesaria unha única documentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da presente convocatoria no DOG, acompañadas da documentación seguinte:

-Certificación académica persoal completa.

-Currículo vitae, acompañado de cantos documentos poidan avalalo.

-Fotocopia do DNI ou pasaporte.

-Acreditación de coñecemento de lingua galega nivel de perfeccionamento.

-Declaración xurada de non ter sido separado do servizo de ningunha Administración nin institución pública como consecuencia de expediente disciplinario, así como de non desempeñar actividade profesional remunerada por conta propia ou allea, nin beneficiarse de bolsas ou axudas equiparables ás convocadas.

Todos os documentos deberán ser orixinais ou copias cotexadas con eles.

Vistas todas as solicitudes darase un prazo de dez días para corrixir a falta de documentación, coa indicación de que transcorridos estes días sen a devandita corrección arquivaranse os expedientes.

Sexta.-Comisión de valoración.

A selección dos candidatos/as será realizada por unha comisión de valoración.

A comisión de valoración será nomeada pola Comisión Executiva do Consello da Cultura Galega.

Esta comisión estará formada por dous membros da comisión executiva e o coordinador da sección ou o director do arquivo ou proxecto que solicite a bolsa. Este último pode, pola súa vez, delegar nun membro da sección ou comisión técnica correspondente.

O presidente da comisión elevaralle ao presidente do Consello da Cultura Galega a relación de candidatos seleccionados e suplentes, se é o caso, para a adxudicación da bolsa.

Finalmente, o presidente do Consello da Cultura Galega fará pública a relación dos candidatos seleccionados (titulares e suplentes) por orde de puntuación e as bolsas adxudicaranse por resolución do presidente do Consello da Cultura Galega, que será debidamente notificada aos solicitantes. Esta resolución porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou ou poderá ser impugnada directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa de acordo co artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O presidente do Consello da Cultura Galega poderá declarar deserta a convocatoria se estima que ningún dos candidatos resulta idóneo.

A resolución do presidente do Consello da Cultura Galega adoptarase no prazo de tres meses, contados desde a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* da convocatoria das bolsas, e a falta de resolución producirá efectos desestimatorios.

No caso de que, adxudicadas as bolsas, xurdisen renuncias adxudicarse automaticamente a axuda ao seguinte aspirante en puntuación e procederase do mesmo modo nas renuncias consecutivas.

Sétima.-Baremo para a selección dos/as bolseiros/as.

-Expediente académico: ata un máximo de 4 puntos.

-Currículo vitae do solicitante, experiencia investigadora e colaboración en proxectos de investigación similares: ata un máximo de 4 puntos.

-Ademais do exame da documentación presentada, a comisión poderá convocar os solicitantes que obtivesen unha maior puntuación na fase anterior a unha entrevista persoal, para valorar os seus coñecementos e aptitudes sobre o tema de investigación, até un máximo de 2 puntos.

A comisión non valorará aqueles méritos alegados polos solicitantes nas súas instancias que non estean acreditados documentalente.

En caso de empate terase en conta o expediente académico, en segundo lugar o currículo vitae e, complementariamente, a entrevista persoal co candidato.

Oitava.-Aceptación das bolsas.

Unha vez que os beneficiarios reciban as notificacións de concesión das bolsas, comunicaranlle por escrito ao presidente do Consello da Cultura Galega a aceptación ou renuncia a elas nun prazo de cinco días. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase como renuncia á bolsa e procederase automaticamente á adxudicación da axuda ao seguinte aspirante en puntuación.

Novena.-Obrigas dos beneficiarios.

Para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a bolsa e a aplicación dos fondos

percibidos, os beneficiarios presentarán, dentro do mes seguinte ao remate da bolsa, un informe sobre o proxecto de investigación que están realizando.

No caso de que os beneficiarios incumprisen algunha das condicións establecidas para a concesión da bolsa quedarán obrigados ao reintegro total ou parcial do importe da axuda que en cada caso fose pertinente.

Os beneficiarios están obrigados a facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das bolsas.

Décima.-Réxime de colaboración.

Os bolseiros permanecerán no Consello da Cultura Galega, en horario habitual de presenza de mañá ou tarde.

A condición de bolseiro/a non dará lugar a relación laboral nin administrativa co Consello da Cultura Galega.

Décimo primeira.-Extinción anticipada da bolsa.

No caso de incumprimento das tarefas de colaboración, o presidente do Consello da Cultura Galega, logo de escoitar a persoa afectada, poderá anular a bolsa e atribuírla ao aspirante que ocupe o primeiro lugar na lista de suplentes, ou ao seguinte ou seguintes cando os chamados non puidesen prestar a súa colaboración por calquera motivo.

A solicitude da bolsa implica o coñecemento e aceptación das presentes bases.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Décimo segunda.

Esta resolución, que esgotará a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso de reposición nun prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante o presidente do Consello da Cultura Galega, segundo o disposto na Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben os interesados poderán presentar directamente recuso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo terceira.

Para o non regulado expresamente no presente texto rexerá o disposto no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, Decreto 287/2000, Lei 38/2003 e demais normativa de aplicación.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2005.

Alfonso Zulueta de Haz  
Presidente do Consello da Cultura Galega

*ANEXO I*

Tres bolsas para colaborar no programa Arquivo Sonoro de Galicia.

Estas bolsas teñen como finalidade colaborar no programa Arquivo Sonoro de Galicia, que se está desenvolvendo no Consello da Cultura Galega.

Bolsas 1 e 2.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar as bolsas a que se refire a presente convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado ou diplomado en documentación.
- Posuír coñecementos de biblioteconomía e documentación.
- Posuír coñecementos de catalogación en formato Marc con materiais especiais, especialmente do programa Millenium.
- Posuír coñecementos de informática (Access).

Bolsa 3.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar a bolsa á que se refire a presente convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado dunha titulación que acredite estudos de música.
- Coñecementos amplos de informática e de edición de páxinas web.
- Posuír coñecementos amplos de historia da música en Galicia.

*ANEXO II*

Dúas bolsas para colaborar no Arquivo da Emigración Galega.

Estas bolsas teñen como finalidade colaborar no programa Arquivo da Emigración Galega, que se está desenvolvendo no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar as bolsas a que se refire a presente convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado en xeografía e historia.
- Posuír coñecementos de biblioteconomía e documentación.
- Ter experiencia en estudos sobre os movementos migratorios.
- Ter coñecementos de informática.

*ANEXO III*

Unha bolsa para colaborar no proxecto Catalogación do Arquivo RTVE-Galicia da Sección de Artes Plásticas e da Sección de Comunicación.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar no proxecto de investigación Catalogación do Arquivo de RTVE en Galicia, que se está desenvolvendo no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire a presente convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado en xornalismo, publicidade e relacións públicas ou comunicación audiovisual.
- Ter experiencia de investigación en cinematografía.
- Posuír coñecementos de análise de contido, catalogación e busca documental.
- Posuír coñecementos de informática.
- Posuír coñecementos de idiomas.

*ANEXO IV*

Tres bolsas para colaborar no programa Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia.

Estas bolsas teñen como finalidade colaborar no programa Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, que se está desenvolvendo no Consello da Cultura Galega.

Bolsa 1 e 2.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar as bolsas a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado/a en filoloxía galega.
- Ter experiencia en servizos lingüísticos ou de normalización lingüística, ou en actividades de dinamización lingüística e estudos ou traballos de sociolingüística galega.

-Posuír coñecementos de Access e Excel.

-Posuír coñecementos da internet.

Bolsa 3.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado/a ou diplomado/a en biblioteconomía e documentación.
- Posuír coñecementos de biblioteconomía e documentación.
- Posuír coñecementos de catalogación en formato Marc, especialmente do programa Millenium.
- Posuír coñecementos da internet.

*ANEXO V*

Unha bolsa para colaborar na Sección de Lingua.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar nos proxectos de investigación da Sección de Lingua, que se están desenvolvendo no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire a presente convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado/a en filoloxía galega e/ou socioloxía.
- Ter experiencia en investigación documental e xestión de bases de datos, así como en tarefas de edición.
- Posuír coñecementos de Access.
- Posuír coñecementos da internet.

#### ANEXO VI

Unha bolsa para colaborar no programa Arquivo de Comunicación.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar no programa Arquivo de Comunicación, que se está desenvolvendo no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire a presente convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado en xornalismo, publicidade e relacións públicas ou comunicación audiovisual.
- Posuír coñecementos de análise de contido, catalogación e busca documental.
- Posuír coñecementos informáticos e de xornalismo dixital.
- Ter experiencia investigadora en estudos da comunicación.
- Ter coñecementos de idiomas.

#### ANEXO VII

Unha bolsa para colaborar na Sección de Comunicación.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar nos proxectos de investigación da Sección de Comunicación, que se están desenvolvendo no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire a presente convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado en xornalismo, publicidade e relacións públicas ou comunicación audiovisual.
- Posuír coñecementos de análise de contido, catalogación e busca documental.
- Posuír coñecementos de informática.
- Ter coñecementos de xornalismo dixital.
- Ter experiencia investigadora en estudos de comunicación.
- Ter coñecementos de idiomas.

#### ANEXO VIII

Dúas bolsas para colaborar no Proxecto Sarmiento.

Estas bolsas teñen como finalidade colaborar no Proxecto Sarmiento que se está desenvolvendo no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar as bolsas a que se refire a presente convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado en filoloxía galega ou similar.
- Posuír experiencia en edición e revisión de textos.
- Ter coñecementos de informática.

#### ANEXO IX

Unha bolsa para colaborar na Área de Publicacións.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar na Área de Publicacións do Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar a bolsas a que se refire a presente convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado en filoloxía galega ou similar.
- Ter experiencia en tradución de textos ao galego.
- Ter experiencia en corrección de textos e revisión de probas de imprenta.
- Posuír coñecementos de informática.

#### ANEXO X

Unha bolsa para colaborar na Área de Documentación.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar na Área de Documentación do Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire a presente convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado ou diplomado en documentación.
- Posuír coñecementos de biblioteconomía e documentación.
- Posuír coñecementos de catalogación en formato Marc, especialmente do programa Millenium.
- Posuír coñecementos de informática.

#### ANEXO XI

Unha bolsa para colaborar na Sección de Literatura e Industrias da Edición.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar na Sección de Literatura e Industrias da Edición do Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos dos solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire a presente convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

- Ser licenciado en filoloxía galega e/ou xornalismo.
- Ter experiencia investigadora en literatura galega.
- Posuír coñecementos de edición dixital.
- Posuír coñecementos de idiomas.
- Posuír coñecementos de informática.

**ANEXO XII**  
**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |               |          |                   |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|----------|-------------------|
| <b>PROCEDEMENTO</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |               |          |                   |
| BOLSAS DE COLABORACIÓN EN PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |               |          |                   |
| <b>DATOS DO SOLICITANTE</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |               |          |                   |
| APELIDOS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | NOME          | NIF      |                   |
| ENDEREZO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | LOCALIDADE    |          |                   |
| PROVINCIA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | DATA DE NACEMENTO |
| <p><b>EXPÓN:</b><br/>Que á vista da convocatoria de bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están desenvolvendo no Consello da Cultura Galega, publicada no DOG nº ....., e considerando que reúne os requisitos exixidos, de conformidade coa documentación que se xunta, e coa expresa aceptación de todos os termos da dita convocatoria.</p> <p><b>SOLICITA:</b><br/>Unha bolsa para o proxecto.....</p> <p>Anexo:</p> |               |          |                   |

Resolución do ..... de ..... de 2005 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de dez bolsas de colaboración en proxectos que se están desenvolvendo no Consello da Cultura Galega e se anuncia a súa convocatoria.

**Sinatura do solicitante**

En..... de..... de 2005

**DOCUMENTACIÓN PRESENTADA**

|                                                                                    |
|------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>PROCEDEMENTO</b>                                                                |
| BOLSAS DE COLABORACIÓN EN PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA |

- Certificación académica persoal completa.
- Currículo vitae, acompañado de cantos documentos poidan avalalo.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo de ningunha Administración nin institución pública como consecuencia de expediente disciplinario, así como de non desempeñar actividade profesional remunerada por conta propia ou allea, nin beneficiarse de bolsas ou axudas equiparables ás convocadas.

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 20 de xullo de 2005 pola que se convocan para a elección de destino provisional os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), convocado pola Orde do 27 de maio de 2004.*

Pola Orde do 27 de maio de 2004 (DOG nº 112, do 11 de xuño) convocouse proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D).

Unha vez publicada a relación de aprobados por resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 15 de marzo de 2005 (DOG nº 53, do 17 de marzo) e co obxecto de que os aspirantes que superaron o dito proceso selectivo accedan á condición de funcionarios, esta consellería

**DISPÓN:**

Convocar os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), para a elección de destino provisional, en único chamamento, no salón nº 1

da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, sita no edificio administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela, o día 7 de setembro de 2005, ás 10.00 horas, podendo elixir, segundo a orde acadada no proceso selectivo, entre os postos que se relacionan no anexo desta orde, sempre que se reúnan as condicións exixidas nel.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa personalidade.

Os aspirantes que non comparezan persoalmente poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Unha vez rematado o proceso de adxudicación das prazas aos aspirantes presentes ou representados, e entre as prazas que quedasen sen adxudicar, os aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representante, adxudicaráselles en destino provisional as prazas que lles correspondan, atendendo á orde de publicación das prazas que figura no anexo e á orde de prelación obtido polo aspirante no proceso selectivo.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2005.

Jaime Pita Varela  
Conselleiro da Presidencia, Relacións  
Institucionais e Administración Pública